CHEGAN OS EXAMES DE DECEMBRO

Nesta ponte festiva, temos moito fútbol con partidos moi interesantes en Prados Vellos. Partidos moi esixentes para os nosos equipos, os cales analizamos a continuación:

MODESTOS: O primeiro equipo do Numancia ten tres partidos neste final de 2014 para intentar confirmar a sua melloría. Agardemos que a forza das tortillas de Vios teña efecto nos nosos xogadores que reciben ao cuarto clasificado, o potente CCRD Perlío o domingo as 16:15 en Prados Vellos. Penúltimo partido do ano en Prados Vellos. Cita obrigada para a Marea Vermella. ¡¡¡Non faltedes¡¡¡

XUVENÍS: O equipo xuvenil defenderá a segunda posición nun desprazamento compricado. Xogan ante o Eume Deportivo, terceiro clasificado no grupo previo no que tamén estaban os numantinos. Partido compricado onde estamos seguros que os nosos xuvenís estarán a altura das circunstancias conquistando Pontedeume pola tarde e tamén pola noite. Será o sábado as 16:00 no campo de A Gándara de Pontedeume. ¡¡¡Tod@s cos xuvenís¡¡¡

CADETES: O equipo cadete defenderá tamén a segunda posición ante un dos rivais mais fortes da categoría, o Ortigueira CF. Bonito partido de cadetes o sábado as 16:15 en Prados Vellos. ¡¡¡Pasamos lista¡¡¡

INFANTÍS: O equipo infantil situado na zona media da clasificación visita ao cuarto clasificado, o Racing San Pedro. Desprazamento compricado onde os infantís loitarán por sacar algo positivo. Será o venres as 19:00 no campo de herba artificial de A Gándara. O sábado pola noite disfrutarán da Cea de Navidad en Prados Vellos.

FÚTBOL- 8: Comenzan as Ligas de alevíns e benxamíns, ambos encadrados no grupo 2. Os **alevíns** visitan a SD O Val "B" o venres as 19:30. Os **benxamíns** xogan en Perlío o venres as 18:00. Nos prebenxamíns dispútase a terceira xornada de Liga. O **prebenxamín "A"** xoga ante un dos favoritos ao título do grupo 1, o Galicia de Caranza o sábado as 11:00 en Prados Vellos. O **prebenxamín "B"** visita a SD O Val "B" o sábado as 10:45 no grupo 2 da Liga prebenxamín.

En definitiva, una xornada con partidos compricados pero tamén bonitos de ver e de xogar. Agardemos que decembro sexa igual de fructífero que novembro para o Numancia e que todos cheguemos as vacacións de Nadal coa satisfacción do traballo ben feito.

Vémonos este fin de semana en Prados Vellos, Pontedeume, A Gándara, O Val ou en Perlío

¡¡¡O Numancia somos tod@s¡¡¡

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡